



DECRETO DE ALCALDÍA DE 11-08-2023

DONA MARÍA JOSÉ GÓMEZ RODRÍGUEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Conforme as Bases de data 01-08-2023 aprobadas por Decreto de data 01-08-2023 para a convocatoria para a cobertura mediante concurso-oposición de 1 praza de Auxiliar Administrativo do Concello de Guntín, a xornada completa e de duración dende a resolución do proceso selectivo ata o día 31 de outubro de 2023 ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a **lista provisional de admitidos e excluídos** nas seguinte relación.

2.- Excluídos

NOME E APELIDOS	DNI	MOTIVO
SUAREZ LÓPEZ JORGE	***4420**	1
BLANCO PINTOS JOSÉ LUIS	***5486**	1
ARIAS RODRÍGUEZ JESSICA	***4443**	1

1.- Non aporta as declaracións formais

Nas bases de data 01-08-2023 para a convocatoria para a cobertura mediante concurso-oposición de 1 praza de Auxiliar Administrativo do Concello de Guntín, a xornada completa e de duración dende a resolución do proceso selectivo ata o día 31 de outubro de 2023, na Base cuarta: a solicitude deberá ir acompañada por:

- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente
- h) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

SEGUNDO- Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, dende o día seguinte á publicación desta Resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello .

As emendas presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Guntín de luns a Venres en horario de 9.00 a 15.00 horas, ou ben mediante o procedemento que regula a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso os aspirantes deberán enviar copia da emenda, debidamente rexistrada por fax ao Concello no prazo de presentación de emendas ao fax número: 982.32.00.88 O prazo será de **un días hábil** dende a publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello (o día 14 de agosto).

En Guntín, a 11 de agosto de 2023.

A ALCALDESA

Asdo.- María José Gómez Rodríguez
Guntín, na data da sinatura electrónica.

Ante min a
A Secretaria-Interventora
Asdo.- Nadia Díaz Vázquez

